

## Acordos da Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

A Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo (EEAE), na súa xuntanza ordinaria celebrada o día 26 de febreiro de 2018, acordou<sup>1</sup>:

- Aprobar as actas das Xuntas de Escola ordinaria do 15 de decembro de 2017 e extraordinaria do 1 de febreiro de 2018.
- Aprobar o reparto da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente.
- Aprobar o informe de “Revisión do sistema pola dirección. Curso 2016-2017”.
- Aprobar unha proposta de planificación docente anual (PDA) para o Grao en Enxeñaría Aeroespacial, curso 2018-2019.
- Aprobar a lista priorizada de departamentos que poidan asumir o encargo das materias para o curso 2018-2019.
- Aprobar o límite de prazas de novo ingreso e por recoñecemento de créditos no Grao de Enxeñaría Aeroespacial para o 2018-2019.
- Aprobar a composición da Comisión Académica do Mestrado en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos Non Tripulados.
- Aprobar a distribución da bolsa de horas por xestión do Mestrado en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos Non Tripulados, curso 2018-2019.
- Aprobar o curso complementario “Introdución aos sistemas aéreos non tripulados”.

Ourense, 28 de febreiro de 2018  
O secretario

Ángel Paredes Galán

**Dilixencia para facer constar** que o presente escrito se publica oficialmente no taboleiro do centro e na páxina web da E.E.A.E, o día 28 de febreiro de 2018.

O secretario

Ángel Paredes Galán

<sup>1</sup>Toda a documentación orixinal pode consultarse na Secretaría de Dirección. Estes acordos publícanse nunha data anterior á da aprobación da acta da sesión.